



CONCELLO DE REDONDELA

Nº 8/2015

**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 30 DE ABRIL DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión ordinaria número 6 de data 31/03/2015
- 2 Dar conta de expedientes de modificación de crédito
- 3 Aprobación dun recoñecemento extraxudicial por importe de 27.552,54 euros
- 4 Dar conta do estado de execución do orzamento municipal de Redondela e do Estado de tesourería, correspondente ao 4º trimestre do ano 2014.
- 5 Dar conta do estado de execución do orzamento municipal de Redondela e do Estado de tesourería, correspondente ao 1º trimestre do ano 2015.
- 6 Dar conta da liquidación do orzamento do ano 2014.
- 7 Actividades de control do pleno:
 - 7.1 Dar conta das resolucións de alcaldía do 20 de marzo ao 20 de abril de 2015
 - 7.2 Mocións
 - 7.2.1 Moción do grupo municipal do BNG para demandar un plan de emprego feminino
 - 7.2.2 Moción do grupo municipal AER en apoio á iniciativa lexislativa popular por unha renda básica
 - 7.2.3 Moción do grupo municipal do BNG a prol do do mantemento e gratuidade dos rexistros civís
 - 7.2.4 Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE en defensa do rexistro civil público e gratuío
 - 7.3 solicitudes de comparecencia
 - 7.4 Rogos e preguntas

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día trinta de abril de dous mil quince, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, Ermindia Quelle Fernández, María Teresa París Blanco, Julio Alonso Monteagudo, Antonio Cabaleiro Millares, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Ana María Alonso Alonso, Arturo González Barbeiro, Cándido Vilaboa Figueroa, Eduardo José Reguera Ocampo, Leonardo Cabaleiro Couñago, Luís Alberto Orge Míguez, Antonio Vázquez Saco, Leticia González Guisande, José García Míguez, Cecilia Pérez Orge, Xoán Carlos González Campo e Alfonso Blanco Pérez, tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.



CONCELLO DE REDONDELA

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚMERO 6 DE 31/03/2015

Dáse conta do borrador da sesión plenaria de data 31/03/2015.

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER.).

2. DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Dáse conta dos seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:

1. Expediente MC 06/2015 ir 02-15 mediante incorporación de remanentes por importe de 68.708,56 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 17/02/2015
2. Expediente MC 07/2015 tc 03-15 mediante transferencia de crédito por importe de 38.742,39 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 24/02/2015
3. Expediente MC 08/2015 tc 04-15 mediante transferencia de crédito por importe de 27.226,88 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 25/02/2015
4. Expediente MC 09/2015 gc 03-15 mediante xeración de crédito por importe de 10.963,63 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 26/02/2015
5. Expediente MC 10/2015 ir 03-15 mediante incorporación de remanentes por importe de 125.825,14 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 26/02/2015
6. Expediente MC 11/2015 gc 04-15 mediante xeración de crédito por importe de 142.183,92 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 04/03/2015
7. Expediente MC 12/2015 tc 05-15 mediante transferencia de crédito por importe de 10.111,23 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 04/03/2015
8. Expediente MC 13/2015 gc 05-15 mediante xeración de crédito por importe de 149.337,87 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 23/03/2015
9. Expediente MC 14/2015 gc 06-15 mediante xeración de crédito por importe de 178.114,80 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 31/03/2015
10. Expediente MC 15/2015 tc 06-15 mediante transferencia de crédito por importe de 10.208,83 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 06/04/2015
11. Expediente MC 16/2015 ir 04-15 mediante incorporación de remanentes por importe de 969.082,60 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 08/04/2015

A corporación queda informada dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionados.

3. APROBACIÓN DUN RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL POR IMPORTE DE 27.552,54 EUROS

ANTECEDENTES



CONCELLO DE REDONDELA

Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento local da sesión celebrada o día 24/04/2015 que se transcribe a continuación:

Vista a Memoria de Alcaldía, de data 22 de abril de 2015, que transcrita di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 22 de abril de 2015, así como certificación de existencia de crédito.

Á súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que tal como establece o informe do Interventor que gastos correspondentes a anos anteriores foran facturados neste ano foi como consecuencia do atraso na facturación o una entrega da documentación dos terceiros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 27.552,54 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2015:

TERCEIRO	DATA FRA..	NÚM. FRA	IMPORTE	PARTIDA
España Ediciones S.L. S. en C21	12.03.14	SN/2014/000005 259	61,40	3321A22001
Sociedade Xeral de autores e Editores SGAE	11.10.14	0026925643	122,82	3341A20900
Sociedade Xeral de autores e Editores SGAE.	01.11.14	0026925644	92,08	3341A20900
Sociedade Xeral de autores e Editores SGAE.	25.10.14	0026925657	119,67	3341A20900
Sociedade Xeral de autores e Editores SGAE	04.10.14	0026925648	124,87	3341A20900
Serafin Pazos Cabaleiro	30.12.14	13130	5,00	1511A21400
Exclusivas Rivi, S.A.	26.02.15	A/316	72,60	1531A22699
Vidacaixa, S.A. de Seguros Y Reaseguros	10.03.15	9405158	21.771,10	2211A1610500
Vidacaixa, S.A. de Seguros Y Reaseguros.	09.03.15	9405103	3.563,00	2211A1610500
Orquesta de Saxos de Redondela	13.03.15	57	420,00	3341A22613
Orquesta de Saxos de Redondela	13.03.15	58	420,00	3341A22613
Orquesta de Saxos de Redondela	13.03.15	56	420,00	3341A22613
Asociación Coral O Piñeiral	13.12.14	015/2014	180,00	3341A22613



CONCELLO DE REDONDELA

Asociación Coral O Piñeiral	13.12.14	014/2014	180,00	3341A22613
-----------------------------	----------	----------	--------	------------

Votacións e ditame. A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 9 votos a favor (4 do PP, 3 do PSG-PSOE, 1 do BNG, e 1 da AER, estimaron oportuno ditaminar favorablemente a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 27.552,54 € co detalle indicado nos antecedentes, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).

4. DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE REDONDELA E DO ESTADO DE TESOURERÍA CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2014

Visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-23.04.15.1 de data 23 de abril de 2015 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondentes ao 4º trimestre do ano 2014, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do concello de Redondela.

O Concello pleno queda informado.

5. DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE REDONDELA E DO ESTADO DE TESOURERÍA CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2015

Visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-23.04.15.2 de data 23 de abril de 2015 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondentes ao 1º trimestre do ano 2015, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do Concello de Redondela.

O Concello pleno queda informado.

6. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2014

Visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-31.03.15.3 de data 31 de marzo de 2015, en relación coa liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2014, así como a resolución da alcaldía da mesma data, en cumprimento da lexislación vixente e as bases de execución de orzamento polo que respecta á súa liquidación.

O Concello pleno queda informado.

7. ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO:

7.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA

Dáse conta das resolucións de alcaldía dende o día 20 de marzo ao 20 de abril de 2015.

O pleno do Concello queda informado.

7.2 MOCIÓNS



CONCELLO DE REDONDELA

7.2.1 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DEMANDAR UN PLAN DE EMPREGO FEMININO

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do BNG presentada no rexistro xeral o día 19/02/15 con número 2015001856 que se transcribe a continuación:

“A situación de desigualdade que viven as mulleres galegas viuse acentuada co aumento da precariedade laboral desde comezos da crise, sen a implantación de políticas efectivas que puidesen frear o crecemento da fenda que sitúa as mulleres á marxe e que lle deixa cada vez máis as portas abertas ao desemprego, ao emprego precario ou á emigración. Diferentes estudos e informes recollen datos sobre o desemprego e as lamentables condicións dos traballos que desempeñan as mulleres na Galiza a día de hoxe, así como o elevadísimo número, sobre todo de mozas, que se viron obrigadas abandonaren o noso país na procura dun futuro mellor. Falan os datos de diferentes estudos, entre eles os publicados polo IGE, e reflicten que a situación das mulleres no noso país vén empeorando de forma alarmante nos últimos anos.

A pesar de escoitarmos insistentemente o discurso da igualdade conseguida, a realidade reflicte que a fenda salarial continúa ampliándose e as mulleres son as principais afectadas cando nos referimos ás persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social. Asemade, o desigual reparto de responsabilidades á hora de asumir o traballo non remunerado supón que a maternidade sexa un factor de penalización sobre o emprego das mulleres. As chamadas políticas de austeridade frearon a posta en marcha de políticas de igualdade, tanto a nivel lexislativo como de realización de programas concretos. Así, algúns instrumentos con medidas antidiscriminatorias, como a lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza, está paralizada.

Nesta lei manifestábase o compromiso da Xunta de Galiza para integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo o seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade no ámbito laboral. Algunha das medidas máis necesarias neste momento incluídas nesta lei, como é a posta en marcha de medidas que melloren o emprego feminino, continúa a agardar pola súa implementación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Redondela adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este Plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está sub-representada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos -labregas, mariscadoras, redeiras,...- atendendo especificamente á problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.

INTERVENCIONS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que están de acordo coa moción.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que tamén están de acordo pero desexan ir un paso máis alá dicindo que esta foi a lexislatura da desigualdade xa que se recortaron de forma importante as partidas orzamentarias adicadas a dita finalidade e se precarizou máis a situación das mulleres traballadoras. Di que a crise recae sobre os ombreiros das mulleres.



CONCELLO DE REDONDELA

A concelleira ALONSO ALONSO pregunta por qué un plan de emprego feminino. Non entende dita discriminación xa que a formación non pode ser diferente segundo o xénero. Sinala que ao comprobar os datos de Redondela, comparando o 2011 co 2015, mellorou a situación das mulleres maiores de 25 anos. Considera que hai que traballar pola conciliación e a igualdade pero non necesariamente facer un plan de emprego feminino. Di que nos plans que se levan a cabo buscan a paridade entre homes e mulleres aínda que sexan traballos normalmente atribuídos a un xénero concreto. Propón unha emenda de tal xeito que se recolla que dentro dos programas de emprego as mulleres teñan unha consideración prioritaria.

A concelleira PÉREZ ORGE di que o único que pretende a moción é instar á Xunta a que cumpra a súa promesa de facer un plan de emprego feminino. Di que ante a desigualdade non se pode actuar con medidas iguais e que non lle parecen fiables as estatísticas relativas aos datos de desemprego porque hai xente que está a traballar e non sae da pobreza, sobre todo mulleres que son as que fan os traballos máis precarios, especialmente as que teñen por riba dos 35 anos. Di que 60.000 mozas galegas emigraron do país dende que comezou a crise. A moción vai a nivel galego, non lle vale falar das mulleres de Redondela. Sinala que hai sectores especialmente ocupados por mulleres que requiren solucións específicas, como por exemplo as mariscadoras.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que hai uns meses se rexeitou unha subvención para igualdade e se gastaron 3000 euros en mandiles. Non acepta os datos aportados pola concelleira de Facenda e considera que non é certo que dende o Concello de Redondela se veña impulsando a igualdade.

A concelleira ALONSO ALONSO di que lle parece que senón queren falar de Redondela será porque non lles interesa. Di que loitar contra o paro tamén é apoiar a unha empresa para que non marche como por exemplo Plastic Omnium. Acepta que a crise afecta máis ás mulleres e ten claro que hai que traballar pola igualdade e a conciliación pero dí que isto non se trata cun plan de emprego. Indica que con respecto aos peores momentos, agora hai 200 desempregadas menos e que en Redondela hai que potenciar o sector servizos.

A concelleira PÉREZ ORGE di que a súa moción non pide que en Redondela se faga un plan de emprego feminino. Di que o plan de emprego do que fala o concelleiro do PP é mandar 15 días á xente a traballar gratis en Plastic Omnium e denuncia que a través do Partido Popular está a entrar moita xente en dita empresa. Di que a maioría das mulleres non está traballando, polo que son precisas medidas de discriminación positiva.

VOTACIÓN E ACORDO

A moción sométese a votación, resultando aprobada por 11 votos a favor (8 do PS de G-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) e dez abstencións (10 do PP).

O alcalde pídelo á concelleira PÉREZ ORGE que non faga falsas acusacións como xa fixo nunha ocasión nun debate nunha radio.

7.2.2 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AER EN APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR POR UNHA RENDA BÁSICA

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal AER presentada no rexistro xeral o día 21/02/15 con número 2015001957 que se transcribe a continuación:

“O pasado 14 de marzo de 2014, o pleno do Congreso dos Deputados aprobou a ILP pola Renda Básica que neste momento está en período de recollida de sinaturas para o seu tramite posterior.



CONCELLO DE REDONDELA

No único artigo da ILP di:

“Derecho a la Renta Básica. Se establece el derecho de toda persona, por el hecho de haber nacido, a recibir una cantidad periódica que cubra sus necesidades básicas. La Renta Básica se constituye como derecho individual, universal e incondicional. Disposición transitoria. La cuantía de la Renta Básica será la equivalente al Umbral de la pobreza fijado en 'el 60% de la mediana de la distribución de los ingresos por unidad de consumo adjudicados a las personas', será de 645,33 euros mensuales correspondiendo al último dato expuesto por EUROSTAT (año 2011), tendiendo a equipararse en los años sucesivos al equivalente del mismo concepto.”

A mediados do século pasado, despois da Segunda Guerra Mundial, déronse momentos de relativo pleno emprego. A integración social producíase a través do emprego e o incipiente Estado de Benestar daba resposta a aquelas persoas que, de xeito transitorio ou por idade avanzada, quedaban fóra do mercado de traballo. O compoñente do Estado de Benestar era principalmente económico, promovendo o intervencionismo público para asegurar un crecemento económico estable e manter o obxectivo do pleno emprego. Sen embargo, xa a partir dos anos 70, configúrase unha realidade social marcada polo desemprego, a pobreza e a exclusión social. A Unión Europa pon en marcha os Plans de Loita contra o paro e a pobreza, dentro dunha gran campaña na que se lexitima a orde social vixente, mestres que a economía capitalista non se responsabiliza e considera esta falta de cohesión económica e social como algo natural.

Esta situación non fixo máis que agravarse ao longo do século XX, co aumento da desigualdade social, da segmentación e da individualización social, do aumento da pobreza e de novas dinámicas de marxinação e exclusión social. Unha das medidas implantadas foron as Rendas básicas para aquelas persoas ou familias que carecían de medios de vida. A prestación económica mantén ás persoas beneficiarias nunha situación de pobreza moderada ou precariedade económica, e a cambio teñen que participar dun proceso de inclusión que a miúdo funciona como sistema de control social máis que como medida de discriminación positiva e de activación.

A grave crise que estamos a vivir preséntanos un novo escenario:

- Polarización social: unhas cantas persoas dispoñen da meirande parte da riqueza que se xenera.
- Precariedade laboral: o salario laboral a miúdo non garante uns medios de vida dignos.
- Alto desemprego: o acceso ao emprego como vía de inserción social e económica está cada vez limitado.
- Recortes sociais: o estado deixa de garantir o acceso universal aos dereitos sociais que pasar a formar parte da economía de mercado.

Non se trata dunha crise exclusivamente económica, senón tamén da crise dun modelo de sociedade que se rexe por valores económicos, insolidaria e que explota tanto os recursos humanos como naturais. Nin económica nin ecoloxicamente se pode falar neste momento de pleno emprego, sen embargo si hai suficientes recursos económicos e produtivos para garantir unhas rendas mínimas que cubran as necesidades básicas da poboación. Ante esta situación propoñemos a implantación da Renda básica de cidadanía (RBC) como vía de transformación desta sociedade capitalista, na que priman os valores económicos e de mercado, para dar paso a outra na que se teñan en conta os valores comunitarios e ambientais.

Entendemos a RBC como una renda individual para toda a cidadanía, que non implique ningún tipo de contra prestación e cuxo importe debe ser polo menos igual ao limiar da pobreza. A implantación desta medida busca unha transformación a diferentes niveles:



CONCELLO DE REDONDELA

1. Político. As políticas públicas promoverán unha redistribución real da riqueza entre a cidadanía anulando o paso obrigado polo mercado de traballo para o acceso aos dereitos sociais. As relacións entre traballadores e traballadoras coa patronal serán máis igualitarias evitando así a explotación laboral e posibilitando una maior capacidade de negociación colectiva. Neste contexto poderanse afrontar medidas para o reparto do emprego con novas formas de xestión horaria, traballo estacional, etc.
2. Económico. Para o financiamento da RBC serán necesarios dous tipos de medidas:
 - a) Reasignación de certas partidas do gasto público para o financiamento da RBU, como o gasto militar e de seguridade cidadá, o custo burocrático da xestión e control de rendas básicas e subsidios, as políticas de promoción do emprego, os programas asistenciais tanto públicos como o financiamento de entidades relixiosas ou sociais, etc.
 - b) Seguimento da lei tributaria para acabar co fraude fiscal e a ampliación dos impostos directos sobre o capital, ecotaxas, taxas sobre as transaccións monetarias internacionais, etc.
3. Promoverase unha transformación da desigualdade social, desaparecendo a pobreza e a exclusión social por motivos económicos. Por outra banda, a contribución á sociedade non se medirá exclusivamente pola participación no mercado de traballo, senón que outro tipo de traballo como a atención á familia, o traballo doméstico ou a participación comunitaria será igualmente valorado como traballo socialmente necesario, útil e que beneficia á sociedade.
4. Cultural. Con esta medida cuestionarase a centralidade do traballo como valor na sociedade actual, que limita o coidado da familia, o tempo de ocio e o desenvolvemento persoal e na comunidade.

Ao mesmo tempo estimularanse outros ámbitos de consumo individual afastados do dilapidamento de recursos ambientais propios do desenvolvemento económico, potenciando novos hábitos de consumo no sentido de vivir mellor con menos, dun consumo xusto e responsable, de novas formas produtivas colectivas dentro e á marxe do mercado, etc.

Por todo o exposto anteriormente, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

1º.- O Concello de Redondela apoia a Iniciativa Lexislativa Popular sobre Renda Básica.

2º.- Instar ao goberno local a que faga campaña (enlazando desde a web oficial e outros medios) a favor da recollida de sinaturas para esta iniciativa lexislativa cidadá.”

INTERVENCIONS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que están totalmente de acordo e van a apoiar a moción xa que consideran que é un dereito básico.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o debate está aberto en torno a esta cuestión e algún grupo político de nova formación que xa o plantexou agora xa non está a falar disto senón do pleno emprego. Pregunta se o Estado ten a suficiente renda para que todo o mundo perciba os 645,33 €. Considera que debería chegarse a iso pero debería debaterse no Congreso dos Deputados onde os representantes de todos os grupos poden acadar un acordo en función da situación real do país. Propón emendar o 1º punto no sentido de apoiar para que sexa debatido o tema no Congreso e retirar o 2º xa que non o considera procedente porque a páxina web do Concello está para outras cousas.

A concelleira ALONSO ALONSO di que o normal é que siga o seu trámite e sexa debatida no Congreso e que non son os plenos o foro axeitado para debater estas iniciativas de tanta repercusión. Indica que agora non se fala de renda básica, senón de renda mínima de inserción xa que o anterior non sería sostible. Di que habería que subir os impostos e subir as



CONCELLO DE REDONDELA

cotizacións para achegar recursos para esta finalidade e cuestiona cousas como que todo o mundo perciba o mesmo. Tamén di que podería haber determinados traballos que a xente rexeitaría e as empresas terían que subir os salarios co conseguinte resultado inflacionista.

O concelleiro BLANCO PEREZ refírese a un estudio dun catedrático de Barcelona que considera que sería posible afrontar a renda básica e os impostos soamente subiríanlle a algúns que agora están a defraudar. Refírese a algúns destes casos que son públicos e di que sobrarían cartos, que agora van fora, como nas illas Caimán. Tamén di que o reparto tampouco sería o mesmo para todos.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que se está distorsionando o debate xa que a moción recolle que hai un debate sobre apoio a unha ILP e serán os grupos políticos do parlamento do Estado os que teñen que debatan a cuestión.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que é doado que se debata disto no pleno igual que se fai con outras moitas cousas. Sinala que tamén hai expertos que indican que para pagar a renda básica sería preciso facer unha reforma profunda do IRPF e perseguir o fraude fiscal. Pregúntase se sería compatible co mantemento dos servizos básicos.

A concelleira ALONSO ALONSO di que este é un tema que ten unha transcendencia fundamental xa que non se trata de apoiar que se debata senón a renda básica en si tal e como está plantexada. Cree que pode haber outras moitas alternativas e que o pleno non ten capacidade para valorar isto. Insiste nas posibles tensións inflacionistas que pode xerar e teñen que ser órganos especializados os que teñan en conta todas as implicacións. Pregunta tamén que pasa coas mulleres.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que eles creen que é posible facelo aínda que admite que tamén hai detractores. Considera que non sería preciso subir os impostos .

VOTACIÓN E ACORDO

A moción sométese a votación por puntos, resultando:

Primeiro punto: Apróbase por once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) e dez abstencións (10 do PP)

Segundo punto: Apróbase por once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) e dez votos en contra (10 do PP)

O concelleiro REGUERA OCAMPO explica o seu voto polo feito de que sí están a favor da recollida sinaturas pero non teñen claro o enlace na web.

7.2.3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DO DO MANTEMENO E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS

7.2.4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN DEFENSA DO REXISTRO CIVIL PÚBLICO E GRATUÍTO

ANTECEDENTES:

Vistas as mocións presentadas polo BNG e polo PsdeG-PSOE no nome das organizacións sindicais sobre a mesma cuestión, o alcalde sinala que o debate das mesmas realizarase xuntamente.

Moción do grupo municipal do BNG presentada no rexistro xeral o día 14/04/15 con número 2015004503 que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE REDONDELA

“O goberno do PP no Estado Español aprobou o pasado ano o Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, que leva aparelado o traspaso dos rexistros civís aos rexistros da propiedade e mercantís. Desaparece, así, un servizo público que se prestaba gratuitamente á organización rexistral, onde se gravan cun arancel as prestacións realizadas aos usuarios e usuarias. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuíto acabará converténdose en case total seguranza en de pago obrigado. A este respecto, cómpre suliñar que o obxectivo do PP no seu modelo de servizos públicos privatizador e que as persoas usuarias sexan as que custeen o servizo, como xa foi introducindo na sanidade ou nos servizos sociais.

O Rexistro Civil é un servizo público e gratuíto que cumpre numerosas funcións, que son indispensábeis para a vida diaria de calquera persoa: inscrición de nacementos, estado civil, cambio de nome ou sexo...Hai trámites sinxelos, mais outros requiren acudir en persoa, o que o converte nun servizo imprescindible. E as persoas usuarias van ser as que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, uns documentos que, á súa vez, son obrigatorios para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Para alén disto, en moitos casos terán que facer longos e custosos desprazamentos, pois recentemente confirmouse que o Rexistro vai ser asumido unicamente por aqueles que teñen competencias mercantís. O mapa, pois, na Galiza ficaría só con rexistros na Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, fronte á actual presenza dos rexistros civís en todos os concellos galegos.

Despois de ter investido inxentes recursos públicos para a modernización e dixitalización dos rexistros civís, agora pónense en mans privadas, impondo taxas que non ingresarán nas arcas públicas senón nas dos rexistradores/as directamente. E, a maiores, a protección de datos persoais e obrigatorios que contén o Rexistro Civil queda en evidencia ao se poñer en mans de persoal que non ten o carácter de funcionariado público nin o deber de confidencialidade.

Por outra parte, é preciso non esquecer a previsible perda de postos de traballo de persoal dependente agora do Ministerio de Xustiza.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG de Redondela, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte acordo:

1. Expresar o rexeitamento ao Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, instando ao Goberno do Estado Español a inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.
2. Instar a Xunta de Galicia a que demande do Goberno Central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.
3. Dar traslado deste acordo ao Goberno Central e á Xunta de Galiza.”

Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentada no rexistro xeral o día 16/04/2015 con número 2015004878 que se transcribe a continuación:

“Esta semana a Confederación Intesindical Galicia de Xustiza púxose en contacto con nós para dar traslado a unha moción por un Rexistro Civil público e gratuíto e servido por funcionarios de xustiza.

A idea é que se debata para o pleno ordinario do xoves 30 de abril e que poida ser apoiada de xeito conxunto polo maior número de forzas políticas.

O goberno de Rajoy pretende que a partir do 15 de xullo o Rexistro Civil pase a depender dos rexistradores mercantís e da propiedade e non xuíces ou xuízas, como acontece hoxe.



CONCELLO DE REDONDELA

Esa modificación representa un retroceso na prestación do servizo público, que só se prestará nas sedes dos rexistradores, aínda que funcionarios, cobran aranceis polos seus actos.

Inicialmente, neste ano electoral, o goberno pretende subvencionar o custo aos rexistradores, despois, xa veremos.

En Redondela, o Rexistro Civil é a única dependencia xudicial que toda a cidadanía utiliza periodicamente: nacementos, defuncións, matrimonios, adopcións, etc son actos obrigatorios.

Por esas razóns, entre outras, o PSdeG-PSOE de Redondela oponse a ese cambio legal e faremos o necesario para revertelo.

INTERVENCIONS

O concelleiro BLANCO PEREZ di que van a votar a favor.

O concelleiro ORGE MIGUEZ di que o grupo socialista fixo de correa de transmisión da moción presentada por todos os sindicatos. Considera que agora xa non ten sentido adoptar os acordos propostos xa que todas as iniciativas de manter o rexistro civil público e gratuito confluíron nunha mobilización xeral E como as enquisas están aí o PP decidiu dar marcha atrás como fixo no caso das taxas xudiciais. Refírese a un comunicado da mesa sectorial que confirma o anterior e a que o ministro dixo que ían a empezar de cero de novo e a situación queda como está. Felicítase por isto.

A concelleira PARIS BLANCO di que despois da exposición do concelleiro socialista congratúlase da decisión e sinala que xa faláron deste tema o ano pasado e que un anterior ministro socialista foi o que comenzou a promover a reforma tanto de desxudicializar os rexistros civís para funcionar ao nivel doutros rexistros europeos.

A concelleira PÉREZ ORGE di que isto se fai porque hai previstas eleccións autonómicas e xerais e lle estraña que a clareza de ideas lle veña ao PP precisamente un ano antes das eleccións. Parécelle que pode ser unha medida electoralista. Felicita a todos os colectivos que se mobilizaron.

O concelleiro ORGE MIGUEZ di que considera que as mocións non se deben votar aínda que lle sorprende a voceira do PP que parece que abre a porta a que se desxudicialice algunha parte do rexistro civil cando eles estiman que debe ser un servizo público prestado dende o xulgado. Indica que hai un capital humano formado no rexistro civil do que non se pode prescindir. Considera que este é un tema importante.

A concelleira PARIS BLANCO di que ela dixo que foi o anterior ministro socialista o que deulle pulo á reforma e o que falou da posible desxudicialización pero a partir de aquí deberá negociarse a mellor solución.

VOTACIÓN E ACORDO

Ambas mocións retíranse por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

7.2.5 MOCIÓN SOBRE A TOPONIMIA EN REDONDELA, PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN ALÉN NÓS

ANTECEDENTES:

Por parte dun representante da asociación ALEN NOS, procédese á lectura da seguinte moción, presentada no rexistro xeral o día 22/04/15 con número 2015005498:

9.2.1 Escrito da asociación ALÉN NOS que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE REDONDELA

“Desde o ano 2005 o goberno municipal realizou a rotulación das parroquias e lugares do concello. Un traballo positivo e necesario materia pendente de tantos e tantos anos sen indicacións suficientes e precisas.

A Asociación Alén Nos estivo atenta e observadora deste proceso e mesmo achegou observacións e correccións de erros que iamos detectando, como por exemplo:

Constatamos a desaparición de barrios nalgunhas parroquias, non en todas, o que nos facía incompreensible este diferente criterio de nomenclatura, nunhas parroquias figuraba o nome do barrio e noutras, en cambio non. Isto aínda se pode ver na actualidade. Esta supresión de barrios da nomenclatura era un erro ou unha imprudencia que superaba as competencias legais do propio municipio, xa que corresponden á Xunta de Galicia..

Tamén constatamos diversas confusións na denominación viaria, xa que non se nomeaba debidamente o que é unha rúa, un camiño, unha estrada...(un exemplo significativo témolo aquí ben cerca na denominada “ Rúa avenida” de Mendiño; poñerlle a denominación de estrada ao camiño da Quintana; denominar como rúa a estrada do aeroporto; ou que a tradicional caella da Canteira pasou a denominarse rúa da Canteira; ou o que se coñeceu toda a vida como camiño da Feixa, agora pasou a denominarse estrada de Santo Paio de Abaixo)

Todas estas observacións fixémosllas chegar ao goberno municipal sen obtermos resposta ningunha na nosa asociación.

A culminación destas incorreccións prodúcese no 2011 cando o goberno municipal volve a rotular unha parroquia por encima do xa rotulado: a parroquia de Reboreda.

Esta parroquia fora rotulada dez anos antes a partir dun traballo realizado pola Sociedade Cultural, subvencionado pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia e avalado polo especialista en toponimia galega e membro da comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, don Gonzalo Navaza.

O profesor Gonzalo Navaza empregou como documentación para fundamentar as denominacións que rotulaban Reboreda naquel momento as principais fontes históricas existentes hoxe en día, maiormente o Catastro do Marqués de la Ensenada de 1752. Esta iniciativa da Sociedade Cultural de Reboreda recibiu o premio “ Pola promoción e defensa da terra” no ano 2001. Premio que entrega anualmente a “ Irmandade Moncho Valcarce” do concello de Cerceda.

En xuño dese mesmo ano 2011, a Asociación Alén Nós reúnese co actual e novo goberno municipal para explicarlle toda esta situación.

Temos que dicir que esta primeira toma de contacto foi positiva, e tanto o alcalde coma o concelleiro don Arturo González amosaron a súa total disposición a traballar na mellora e corrección de todo o que fose necesario, segundo fose constatado.

Logo de seus meses de conversas e de concienciarse o goberno municipal, a Asociación Alén Nós chegou a un acordo co concelleiro don Arturo González polo cal esta asociación se faría cargo de acometer o traballo de análise, detección de anomalías e proposta de correccións dunha parroquia. Este traballo documental e de campo desenvolveuse ao longo de seis meses e foi verificado polo devandito especialista don Gonzalo Navaza.

Pretendíase que este traballo servise de base e referente para aplicalo posteriormente en todas as parroquias do Concello.

Presentóuselle a proposta elaborada ao goberno municipal e, transcorridos dez meses, en vista de que non se comenzaba o traballo, a Asociación Alén Nós abriu unha nova rolda de conversas co concelleiro responsable, don Arturo González, así como co propio alcalde.



CONCELLO DE REDONDELA

As respostas recibidas foron o que esta asociación interpretou como desculpas disuasorias para non abordar a resolución e acometida deste traballo. Argüíusenos que coincidía con períodos electorais, que sería mellor levalo a cabo despois das aprobacións dos presupostos, etc.

Despois das numerosas xestións realizadas ao longo dos dous anos seguintes, con intervencións que se desenvolveron tamén nos consellos municipais de cultura, a onde asistiu nalguna ocasión o propio profesor don Gonzalo Navaza, no ano 2013 a Asociación Alén Nós chegou a un acordo co alcalde e o concelleiro responsable polo cal se decidiu trasladar a proposta elaborada ao Consello Parroquial de Reboreda.

No consello parroquial celebrado en febreiro de 2013, coa presenza do profesor Navaza e membros da Asociación Alén Nós, os membros do consello parroquial non argumentaron nada en contra da proposta elaborada e concluíron aceptando que se levase a cabo causando os menores inconvenientes posibles á veciñanza da parroquia.

O concelleiro responsable don Arturo González informou que, unha vez que se comezase con este traballo, disporíase un funcionario municipal adscrito para a elaboración da nova documentación.

Paralelamente a todo isto emítense numerosas notas de prensa e entrevistas na radio municipal tanto por parte da Asociación Alén Nós coma do propio alcalde e concelleiro responsable nas que mostraban o seu apoio e disposición a levar a cabo esta proposta acordada.

Así as cousas, pasou máis dun ano, e en setembro de 2014, a Asociación Alén Nós ten unha nova reunión co concelleiro e o alcalde para acelerar os prazos, porque o mandato remata e non se acometeu o traballo. A resposta que recibimos foi que existían problemas de loxística e metodoloxía que dificultaban a súa posta en marcha.

Nesta reunión, a Asociación Alén Nós recibe a proposición de participar na elaboración das bases metodolóxicas de traballo, coa intención de presentar e aprobar no pleno, e posteriormente acometer a realización do proxecto.

A Asociación Alén Nós levou a cabo este cometido e presentoulles aos representantes do goberno municipal a nova proposta ampliada. Transcorrido un intervalo breve de tempo, a contestación foi que a proposta non era do seu convencemento e que, polo tanto, non ían sometela á decisión do pleno.

Durante estes meses transcorridos do ano 2015, tras novas reunións cos representantes do goberno municipal, chegouse ao acordo de que, ante a proximidade inmediata das vindeiras eleccións municipais, e acolléndose aos dereitos establecidos no Regulamento de Participación Cidadá, fose a propia Asociación Alén Nós quen levase por si mesma esta proposta ao pleno, co compromiso do goberno municipal de apoiar esta moción, para que se debata e se someta a aprobación o seguinte:

A Asociación Alén Nós solicita de todos os grupos representantes

1. Que se aprobe o modelo elaborado para a parroquia de Reboreda e levalo a cabo definitivamente.
2. Que se leve posteriormente a cabo en todas as demais parroquias do concello, previa elaboración dun estudo en cada unha delas por parte de xente competente ao respecto.
3. Que se faga na maior brevidade posible.”

INTERVENCIONS

O concelleiro BLANCO PEREZ di que van a votar a favor.



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non existen os consellos municipais de cultura e non sabe a qué se refiren. Sinala que o país necesita un proceso de normalización en todos os eidos e non se pode perder en ningún caso o patrimonio da toponimia. Indica que cando gobernaron consideraron necesario implicar aos diferentes colectivos para recoller a toponimia pero pensan que a Xunta non tiña excesivo interese. Dí que o goberno municipal fai moitas promesas e de boas palabras pero ao final todo queda en nada.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que tamén están de acordo coa moción.

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que houbo varias xuntanzas co señor Navaza e a xente está de acordo en preservar a toponimia aínda que no consello parroquial tamén se puxo de manifesto que estes cambios xeran prexuízos a cidadanía sobre todo porque viñan xa dunha situación anterior que tamén provocou complicacións. Indica que agora teñen que buscar a complicidade de todo o mundo.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que dan por sentado que isto debe facerse co menor inconveniente para os veciños.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que gran parte da toponimia que se recolleu é axeitada aínda que hai erros. Di que o concelleiro do goberno estivo en todo o proceso e quizais por iso foi un fiasco polo que deberían votar en contra, xa que non comparten nada do que se expuxo. Di que non teñen medo porque queren plantexar un debate cos colectivos que actúan nas parroquias e que tamén están interesados en recuperar a toponimia.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que isto ven dende o 2005 e seguramente non se fixo o ben que se debía facer pero foi un traballo participativo e estivo exposto na Casa da Cultura de Reboreda. Admite que volver a cambiar as direccións pode ser problemático. Non entenden por qué o PP estivo a negociar catro anos aínda que nalgún caso se puxo como escusa as eleccións.

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que non se podía cambiar o censo ante a proximidade das eleccións. Sinala que a rotulación fíxose do 2005 ao 2011 e non atenderon as recomendacións desta asociación. Non nega que tiveran boas intencións pero o procedemento non foi transparente, non rectificaron os erros e dilapidaron moitos cartos nas placas. Considera que non deben ser sempre os veciños as vítimas.

O alcalde sinala que todos están de acordo en que se faga ao menor dano posible.

VOTACIÓN E ACORDO

A moción sométese a votación, resultando aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER)

7.3 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA

7.3.1 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL AER SOBRE A PISCINA DE CHAPELA

Solicitud presentada polo grupo municipal AER no rexistro xeral o día 23/01/15 con número 201500755 que se transcribe a continuación:

“Na parroquia de Chapela, a indignación da veciñanza é palpable por mor dos numerosos problemas técnicos e construtivos que están aparecendo no Centro de Deportes Acuáticos de Chapela dende a súa apertura.



CONCELLO DE REDONDELA

O primeiro en sufrir as consecuencias foi o Club de Remo, con problemas na auga quente. Os usuarios e usuarias sufriron problemas cos desaugadoiros das duchas e coas taquillas e portas. Despois viu a avaría da deshumidificadora, e os fumes da caldeira de apoio á enerxía xeotérmica. Por último un novo problema deste desastre construtivo asoma pola porta deste goberno: a cuberta da piscina ten pingueiras. Nada novo para este concello, acostumados ás filtracións nos edificios municipais.

Polo anteriormente exposto, e porque retirar a placa da piscina non significa a fin dos problemas desta obra faraónica, solicitamos a comparecencia do alcalde para que:

- Explique como e cando se van a arranxar as pingueiras da cuberta da piscina e cal é o seu presuposto.
- Dea conta dos gastos, ata o momento, dos problemas técnicos e construtivos mencionados anteriormente
- Explique a situación dos tramites xurídicos que está levando a cabo o Concello para reclamar eses gastos as empresas construtoras.”

O alcalde sinala que cando chegaron ao Concello no ano 2011 tiña que entrar en funcionamento a piscina de Chapela que, a pesares de estar inaugurada, non podía funcionar xa que non tiña acometidas de auga nin electricidade nin estaba acondicionado o entorno e o concurso para a súa xestión quedara deserto. Tamén houbo problemas co Club de Remo posto que tiñan entrada de augas pluviais e fecais, e se atopaba pendente a liquidación coas empresas construtoras. Di que os atrancos se foron solventando un a un e a piscina se puxo en funcionamento e aí foi onde se empezou a comprobar se estaba ou non ben construída. Apareceron novos problemas e algúns foron resoltos pola propia concesionaria pero ao Concello tocoulle unha parte moi importante e todo está recollido nunha resolución da Alcaldía de setembro de 2014 a partir da cal produciuse a incautación de garantías. Indica que o Concello non quedou de brazos cruzados e tal efecto lee parte de dita resolución que obra no expediente administrativo ao que teñen acceso tanto AER como o resto dos grupos da corporación.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que en marzo de 2012 houbo unha xuntanza en Chapela na que o goberno referiuse ao goberno anterior sinalando o mal que o fixeron. Pregunta quen é responsable de que os equipos deran problemas e non se fixera antes un estudio de viabilidade para comprobar o funcionamento. Considera que fixeron o que tiñan que facer pero hai moitas queixas polas pingueiras e a caldeira sigue dando problemas. Pide que se convoque a convocatoria da comisión de investigación da piscina.

O alcalde sinala que o que se fixo foi respostar ás cuestións que se plantexaron en cada momento. Di que os problemas aparecen cando a instalación empeza a funcionar e que agora teñen este último problema e se está a desenvolver o procedemento correspondente. O expediente sempre estivo a disposición de calquera dos membros de AER. Di que van defender os intereses dos cidadáns de Redondela. No caso da piscina di que a puxeron en marcha resolvendo as carencias.

7.3.2 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE SOLICITADA POLO GRUPO MUNICIPAL AER SOBRE A TAXA DO LISO

Solicitud de comparecencia presentada polo grupo municipal AER no rexistro xeral o día 21/02/2015 con número 2015001960 que se transcribe a continuación:

“Chegáronnos moitas queixas da veciñanza sobre a taxa da recollida do lixo, nas que nos transmitiron que pasaron de pagar a cota reducida a pagar a cota normal. A maioría destas



CONCELLO DE REDONDELA

reclamacións veñen porque non teñen recollida diaria ou porque viven a máis de 100 metros do contedor máis próximo, ou por unha combinación das dúas causas.

Temos coñecemento de que mediante resolucións de alcaldía denegáronse 35 reclamacións. Non sabemos se hai máis, porque a pesares de que as pedimos por rexistro hai semanas, non se nos facilitou a resposta; aínda que temos constancia de que a contestación a este rexistro está feita, pero téñena retida en alcaldía como xa fixeron en varias ocasións. Logo traen mocións sobre transparencia, pero o de practicala gobernando o Concello lévano moi mal.

Polo tanto, solicitamos a comparecencia do alcalde para que nos explique o procedemento para denegar estas reclamacións, como se estableceron as zonas de recollida e os aumentos de frecuencia de alterna a diaria nalgunhas destas zonas.”

O alcalde sinala que as portas estiveron abertas aos membros de AER na lexislatura e non se lle poden dar clases de transparencia xa que teñen dous AZ de contestacións á agrupación. Indica que hai un contrato con URBASER no que se fixan zonas para recollida diaria ou alterna e iso se reflexa nos padróns aínda que hai lagoas difíciles de interpretar. Di que a idea é que a próxima corporación debata unha ordenanza e clarexe este tipo de cuestións.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que os veciños xa están afectados e sen embargo o goberno fai caso ao informe de Urbaser cando se plantexa o problema. Pide que se faga un estudio para saber por qué nalgunhas zonas hai recollida diaria cando non é necesaria. Pensa que houbo falta de información aos veciños.

O alcalde insiste en que no contrato con Urbaser do ano 2007 se estableceron as zonas de recollida diaria e alternas e quen cobra é o Concello non a empresa directamente. Di que os técnicos fan os informes non el.

7.4 ROGOS E PREGUNTAS

7.4.1 PREGUNTAS AO PLENO PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL AER

Preguntas presentadas polo grupo municipal AER o día 29/04/2015 con número de rexistro de entrada 2015005955 e que a continuación se transcriben:

7.4.1.1 PREGUNTA AO CONCELLEIRO DE CULTURA SOBRE O CONSERVATORIO

“Visto que remata o mandato e non presentou vostede alternativa nin estudo algún sobre a organización ou estrutura do conservatorio, e a única decisión que se adoptou foi seguir contratando a un funcionario que duplica horario. Tendo en conta que dito funcionario ao que se lle aceptou a compatibilidade en dous postos da administración, exerce función de xefe de estudos (polo que cobra un complemento), e pensando nunha futura análise da situación desta institución, PREGUNTAMOS:

Cando foron as últimas eleccións á dirección do conservatorio, que propostas fixo o Concello d Redondela e cal é a distribución horaria do xefe de estudos (horas lectivas con alumnado – horas asignadas para o exercicio do cargo de xefe de estudos)?”

O concelleiro ALONSO MONTEAGUDO resposta que refírese a cuestións que xa se trataron no pleno. Di que o xefe de estudos ten nove horas de docencia os martes, mércores e venres e unha hora adicada á xefatura de estudos.



CONCELLO DE REDONDELA

7.4.1.2. PREGUNTA SOBRE OS VADOS PERMANENTES NA PRAIA DE CESANTES

“No seu día, preguntamos polo expediente mediante o cal se concedía un vado no paseo da praia de Cesantes, e simplemente se nos dixo que constaba un informe da policía local, pero descoñecemos como se xustifica dita decisión.

En primeiro lugar, lembremos o que di a lei de costas sobre a Servidume de tránsito, no seu artigo 27º:

A servidume de tránsito recaerá sobre una franxa de seis metros, medidos terra adentro, a partir do límite interior da ribeira do mar. Esta zona deberá deixarse permanentemente expedita para el paso público peonil e para os vehículos de vixilancia e salvamento, salvo en espazos especialmente protexidos.

Logo resúltanos estraño que vostedes adxudiquen un vado (hai máis dun) no que, sen dúbida, é zona de servidume de tránsito; polo que preguntamos:

Recibiron ou consultaron con costas de Galiza a pertinencia destes permisos “ de circulación”?

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO sinala que algúns interpretan as normas como lles peta e se enrocan en asuntos que non teñen problemas, de xeito que provocan enfrontamentos entre veciños. A meirande parte da praia é dominio público e a conservación do paseo corresponde ao Concello dende 1990 e por iso autoriza os vados. Indica que é normal que se baseen nos informes dos técnicos municipais.

7.4.1.3 PREGUNTA AO ALCALDE SOBRE OS CONTRATOS NEGOCIADOS SEN PUBLICIDADE

“No pleno extraordinario do 31 de xullo do 2014 presentamos unha moción que remataba do seguinte xeito:

Dado que no seu momento pareceulles moi complicado o sistema de ter un listado de empresas ordenadas por sectores de servizos, obras, etc., e co ánimo de adaptarnos a modelos máis sinxelos, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

Que cada vez que se realice unha contratación directa sen publicidade, se comunique aos voceiros de tódolos grupos os seguintes datos:

- Modelo de invitación transmitido ás diferentes empresas.
- Xustificación e criterios empregados polo alcalde para a elección das empresas invitadas.
- Obxecto do contratos
- Importe do contrato”

Na votación de acordo o resultado foi o seguinte:

VOTACIÓN E ACORDO. Sometida a moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, esta é aprobada por maioría dos/as concelleiros/as presentes por once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 2 Do BNG e 1 de AER) e dez votos en contra (10 do PP).

Sabemos que en ningún caso o Pleno do Concello ten a capacidade de modificar unha lei de rango maior, e que só a vostede lle corresponden as competencias para xestionar eses contratos “negociados sen publicidade”. E invitar a quen lle peta, e incluso da maneira que considere. Así podemos ver como para o contrato de conciliación, invita a empresas que nada teñen que ver coa animación e o tempo libre.



CONCELLO DE REDONDELA

Vemos como “ Civis Global” (anteriormente “ Movexvial”), que non fai moito pasou polos xulgados, acumula un contrato detrás doutro en datas recentes.

Vemos como para a reforma da praza se contrata unha empresa de recente creación dirixida polos fillos dun exalto cargo do PP procesado por cuestións indignas; etc.

Vemos como casualmente a coordinación de cultura volve ás mesmas mans valorando un aspecto da proposta que non foron quen de facer e presentar durante o contrato anterior: memoria e avaliación do traballo.

Vemos como a lista de contratos “negociados sen publicidade” é bastante extensa; a pesares das advertencias, nos informes de intervención, sobre os beneficios económicos que teñen os concursos abertos. Para ir rematando, dado que no acordo da nosa moción non se pedía modificación algunha das competencias, senón simple información (chámase transparencia):

- Modelo de invitación transmitido ás diferentes empresas.
- Xustificación e criterios empregados polo alcalde para a elección das empresas invitadas.
- Obxecto do contrato
- Importe do contrato.

Preguntamos o alcalde: Pode explicarnos por que non cumpriu nunca con ese acordo plenario?”

O alcalde sinala que a pregunta vai orientada a facer crer á opinión pública que as cousas se están a facer mal. Di que quen resolve o tema non é o político senón os técnicos e coas invitacións tratan de que as obras se fagan ben. Lee dúas frases de *Goebbels* e di que lle consta que os membros da agrupación revisan os expedientes e que a lei lle permite por axilidade elixir ás empresas e sempre manexan máis de un presuposto. Indica que os procesos son transparentes.

7.4.1.4 PREGUNTA AO ALCALDE SOBRE A FORTALEZA DE RANDE

“Á vista dos feitos acaecidos na entorna da ponte de Rande coa clara visualización dos restos arqueolóxicos da “ Fortaleza de Rande” e tendo como precedente unha moción aprobada por unanimidade para declarar como Ben de Interese Cultural (BIC) dito xacemento, preguntamos:

Ten o Sr. alcalde pensado solicitar de Patrimonio a valoración urxente de dito xacemento histórico e ten pensado solicitar a Fomento a paralización inmediata das obras na entorna ata que non quede clarificado que efecto terán sobre dito xacemento?”

O concelleiro ALONSO MONTEAGUDO di que o expediente sobre incoación de BIC, despois do acordo do pleno se iniciaron os trámites e no verán pasado a subdirección xeral pediu máis documentación para completar o expediente de acordo coa normativa e se fixo unha xuntanza en Santiago sobre o tema a partir da cal se encargou a unha empresa un estudo técnico que se enviou e está a ser valorado polos arqueólogos do departamento.

7.4.1.5 PREGUNTA SOBRE A FINCA DA GINARIA

“Tendo en conta que nas condicións establecidas con AUDASA, establécese a compra e cualificación adecuada da finca rústica denominada LEITÓN de 34.000 m2, e unha superficie adicada a servizos educativos de 10.000 m2, preguntamos:



CONCELLO DE REDONDELA

O cambio de cualificación urbanística para equipamento afectará á totalidade da finca ou só aos m² que se corresponden coa zona educativa e complementaria?

O alcalde sinala que se vai adquirir un terreo de 34.000 m² e a idea, de acordo cos informes técnicos, é facer un plan de dotacións para posibilitar a construción do colexio e da gardería, porque é moito máis áxil, pero isto non altera a cualificación urbanística do solo e calquera modificación que se faga haberá que incorporala ao plan xeral.”

7.4.2 ROGOS AO PLENO PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL AER

Rogos presentados polo grupo municipal AER o día 29/04/2015 con número de rexistro de entrada 2015005955:

7.7.2.1 SOBRE PEÓNS NA ZONA DE REGOJO SOBRE O “SCALEXTRIC”

“Numerosas persoas lévannos solicitado ao longo destes anos que se abra o camiño pechado pola urbanización feita na zona de Regojo; así como que non aparquen os coches na beiravía do “scalextric”, para que a veciñanza da zona poda achegarse ao casco urbano camiñando pola beiravía, ante a falta de beirarrúas. Rogamos ao alcalde as medidas oportunas para solucionar estes problemas.

7.7.2.2 SOBRE A COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DO AVE

“O luns 30/03/2015 vemos na prensa que se estrea a liña do AVE que atravesa o noso concello. Tendo constancia que numerosos problemas causados pola construción desta liña aínda non están arranxados: rogamos ao alcalde que convoque de xeito urxente a comisión de seguimento das obras do AVE.”

E non habendo mais asuntos a tratar, o alcalde levanta a sesión sendo as vinte e tres horas e dez minutos do indicado no encabezamento, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-